

Informe sobre aclaración delimitación de núcleos rurais en zonas afectadas por expedientes de disciplina urbanística (Concello de Redondela – Expediente XCP-23/060)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 20.10.2023 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2023/2832874) oficio da alcaldesa do Concello de Redondela no que, á vista da solicitude dun colectivo veciñal de tramitación dun expediente de delimitación de solo de núcleo rural en zona afectada por expedientes de infracción urbanística, formula a seguinte consulta á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

“Con carácter previo á iniciación do procedemento que corresponda en atención a esta demanda veciñal e dado que o Concello de Redondela continúa a tramitar un novo PXOM que está realizando as actuacións previas ao seu sometemento a aprobación inicial, considera esta Alcaldía que sería pertinente proporcionar a maior seguridade xurídica ás actuacións que se realicen no interese da veciñanza afectada.

Polo tanto procedemos a realizar CONSULTA ao efecto de coñecer o criterio dese órgano consultivo en relación a se é posible desde o punto de vista do cumprimento da normativa aplicable iniciar a tramitación e acordar a aprobación, no seu caso, dun expediente de delimitación do solo de núcleo rural no que se poida adaptar a normativa á realidade urbanística da zona afectada”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Redondela conta con Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NSP) aprobadas definitivamente o 06.11.1987 e a súa normativa publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 14.04.1988.

Estas NSP están sometidas ao réxime establecido na disposición transitoria primeira núm. 2 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, e, en consecuencia, conservarán a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á LSG, consonte as regras previstas na propia disposición.

TERCEIRA.- A potestade para formular os instrumentos de planeamento urbanístico e a súa modificación constitúe unha materia atribuída á competencia municipal polos artigos 12 e 51.2 da LSG.



A referida potestade constitúe unha función pública cuxo desenvolvemento debe orientarse á satisfacción do interese público, tal e como resulta dos artigos 3 e 4 do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro.

Pola súa banda, o artigo 5 da LSG sinala, entre os fins da actividade urbanística, o de *"Asegurar que o solo se utilice en congruencia coa utilidade pública e a función social da propiedade nas condicións establecidas nas leis e, na súa virtude, no plan urbanístico"*.

A dita esixencia tamén se predica respecto da potestade de modificar o planeamento urbanístico no artigo 83.1 da LSG, cuxo teor literal é o seguinte:

"Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas".

CUARTA.- En concreto, respecto da cuestións suscitada na consulta municipal, cómpre indicar que a delimitación dos núcleos rurais polo planeamento urbanístico está regulada nos artigos 23 da LSG e 33 a 35 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG).

Estes preceptos conteñen unha enumeración pormenorizada e exhaustiva dos criterios que deben terse en conta para a delimitación dos núcleos rurais. Neste sentido, tales delimitacións deberán atender ao número de edificacións, densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación, tipoloxía tradicional da súa armazón, antecedentes existentes de delimitacións anteriores, peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas, capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural, proximidade das edificacións, lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado, grao de consolidación da edificación, previsións de crecemento, debida proporción coas necesidades da poboación ...

Polo exposto, corresponderá ao concello xustificar que a formulación ou modificación do planeamento urbanístico proposta responde a criterios de racionalidade e prosecución do interese público, debendo expresar os criterios e motivos que xustifican a nova ordenación.

CONCLUSIÓN

1. A potestade para formular os instrumentos de planeamento urbanístico e a súa modificación constitúe unha materia de competencia municipal e debe fundamentarse na consecución do interese público, de conformidade co establecido nos artigos 5 e 83.1 da LSG.
2. A delimitación dos núcleos rurais polo planeamento urbanístico debe realizarse atendendo aos criterios enunciados nos artigos 23 da LSG e 33 a 35 do seu regulamento.
3. En todo caso, corresponde ao concello valorar e xustificar no expediente que a formulación ou modificación do planeamento urbanístico ten por finalidade atender racionalmente ao interese público.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

